

## Concello de Covelo

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE COVELO E ASOCIACIÓN DE MULLERES E FAMILIAS RURAIS “FRAGAS DO TEA”

Reunidos en Covelo, a 23 de Setembro de 2019.

Dunha parte, **D. Juan Pablo Castillo Amigo**, do Concello de Covelo (Pontevedra), en representación do Concello de Covelo, con CIF nº P3601300A, con domicilio en Praza do Mestre Cerviño, 2 (Covelo), CP: 36872.

E doutra parte, **Dña. Pilar Benitez Sousa**, maior de idade, con DNI nº 76889653D, na súa calidade de Presidenta da **ASOCIACIÓN DE MULLERES E FAMILIAS RURAIS “FRAGAS DO TEA”**, con CIF nº G36382448, á que representa no presente acto, con domicilio para os efectos de notificacións en lasavi84@gmail.com.

Ambas as partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para asina-lo presente convenio e en consecuencia:

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO.** Que o Concello de Covelo, de conformidade co establecido no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ten competencia propia para a promoción da cultura e equipamentos culturais, fomentando as actividades culturais e de ocupación do tempo libre de carácter formativo e recreativo.

Para conseguir este obxectivo, no Plano Estratéxico de Subvencións 2016-2018 aprobado polo Pleno da Corporación na sesión de data 1 de xuño de 2016, na Base 56 de execución do Orzamento de 2019, contémplanse dentro da aplicación orzamentaria **334.48** as subvencións nominativas para a promoción da cultura, o deporte, a música... destinadas ás entidades culturais con máis raizame no noso termo municipal.

**SEGUNDO.** Que a **ASOCIACIÓN DE MULLERES E FAMILIAS RURAIS “FRAGAS DO TEA”**, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co **n.º 14**, é unha Entidade socio-cultural.

**TERCEIRO.** Que tanto o Concello como a **ASOCIACIÓN DE MULLERES E FAMILIAS RURAIS “FRAGAS DO TEA”** teñen obxectivos comúns e que, por tanto, é precisa unha colaboración estreita que permita precisar o desenvolvemento da actividade socio-cultural.

Que os convenios entre os concellos e as asociacións constitúen un instrumento adecuado para a formalización de subvencións nominativas concedidas no marco do

## Concello de Covelo



## Concello de Covelo

---

orçamento municipal do concello para o exercicio de 2019, tal e como se establece na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Base nº 53 e seguintes das de execución do orzamento municipal.

En virtude do exposto, as partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración de conformidade coas seguintes:

### CLÁUSULAS

**PRIMEIRA. A ASOCIACIÓN DE MULLERES E FAMILIAS RURAIS “FRAGAS DO TEA”**, comprométese á realización de diversas actividades culturais (*Curso de gaitas e percusión. Nivel II*) das que dará coñecemento ao Concello coa antelación precisa, con expresa identificación da duración e participantes.

**SEGUNDA. A ASOCIACIÓN DE MULLERES E FAMILIAS RURAIS “FRAGAS DO TEA”**, utilizará como usuario habitual a Casa Cultural de Maceira (Covelo) para o desenvolvemento das actividades específicas de que trata o Convenio, sen que isto supola menoscabo do uso común e xeral deste ben destinado ao servizo público, na forma que determine o goberno municipal.

A cambio, obrigarase á **ASOCIACIÓN DE MULLERES E FAMILIAS RURAIS “FRAGAS DO TEA”** a manter as instalacións culturais en perfectas condicións, de tal maneira que sexa apto para os usos para os que está destinado.

Así mesmo, a **ASOCIACIÓN DE MULLERES E FAMILIAS RURAIS “FRAGAS DO TEA”** obrígase a subscribir os correspondentes seguros de responsabilidade civil, seguro de accidentes, e calquera outro que proceda durante o tempo de vixencia do convenio.

**TERCEIRA.** O Concello comprométese a subvencionar a **ASOCIACIÓN DE MULLERES E FAMILIAS RURAIS “FRAGAS DO TEA”** coa cantidade de 1.000€ durante o ano 2019 como compensación dos gastos das actividades socio-culturais. O citado gasto imputarase á aplicación orzamentaria **334.48**, para o que existe crédito adecuado e suficiente.

A subvención irá destinada a financiar operacións correntes. Considerase gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo de duración do presente convenio, dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019. Non se consideran gastos subvencionables os gastos de mantemento ordinario.

**CUARTA.** Establécense como obrigacións por parte da **ASOCIACIÓN DE MULLERES E FAMILIAS RURAIS “FRAGAS DO TEA”**:

---

Concello de Covelo



## Concello de Covelo

---

- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do Concello, realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo á celebración das actividades subvencionadas.
- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.
- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo Concello, incorporando o logotipo do Concello de Covelo nos exemplares dos programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita ou sonora que se realice con motivo do programa.
- Presentar antes do **15 de novembro de 2019** os documentos<sup>1</sup> acreditativos da xustificación da subvención.
- Reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigacións establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e nos artigos 91 a 93 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

---

1. Con relación a xustificación da subvencións, téñase en conta o artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os artigos 69 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2003, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e, especificamente, o punto 15º da Ordenanza Xeral reguladora do Réxime xurídico das subvencións outorgadas polo Concello de Covelo, que determina como documentos para a xustificación, os seguintes:

1. Memoria detallada da actividade asinada por un representante da asociación.
2. Relación detallada de ingresos e gastos da actividade subvencionada, incluíndo facturas compulsadas do total dos gastos da actividade (Anexo II)
3. Facturas orixinais polo importe subvencionado. As facturas deben corresponder á actividade obxecto da subvención e deberán emitirse a nome da Asociación, e cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación. Deberán conter como mínimo:
  - Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
  - Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
  - Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención.
  - Descrición do servizo ou subministro prestado.
  - Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.
4. Xustificante bancario do pago correspondente ás facturas achegadas. Non se admitirá outro tipo de xustificante de pago que non sexa do banco.
5. Acreditación da publicidade do financiamento público da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como lendas relativas ou financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, páxina web, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.
6. Relación das subvencións obtidas doutras Administracións ou Entidades Públicas ou privadas para o memos obxecto, en caso negativo, deberá deixarse constancia dese feito mediante a correspondente declaración responsable (Anexo III)
7. Xustificación de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta, e Axencia Estatal da Administración Tributaria (Anexo III).
8. Calquera outro que sexa solicitado polo concello.



## Concello de Covelo

---

**QUINTA.** O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2019 e extinguirase por vencemento deste prazo.

**SEXTA.** No non previsto neste Convenio estarase ao disposto no Plano estratéxico de subvencións 2016-2018 aprobado polo Pleno da Corporación na sesión de data 1 de xuño de 2016, na Base 56 de execución do Orzamento de 2019, na Ordenanza Xeral Reguladora do Réxime Xurídico das Subvencións outorgadas polo Pleno da Corporación na sesión de data 1 de xuño de 2016, e no previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento la Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Para que así conste e en proba de conformidade, asino por duplicado no lugar e data arriba indicados, do que, como Secretaria, dou fe.

O ALCALDE

Asdo.: Juan Pablo Castillo Amigo

A PRESIDENTA

Asdo: Pilar Benitez Sousa

A SECRETARIA

Asdo.: María Jesús Rodríguez Freire

